

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 30 DE XUÑO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b> Non asiste</p> <p><b>Secretario xeral</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez</p>
---	---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día trinta de xuño do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

Non se presenta ningunha proposta de gasto para a súa aprobación



### III.- CONTRATACIÓN.

#### 1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO “SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS URBANAS NO CONCELLO DE RIVEIRA (DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar o servizo do “Control de pragas urbanas no concello de Riveira (desratización, desinfección e desinsectación)”, cun orzamento total ANUAL por contrata de 10.500,00 euros (valor estimado ANUAL do contrato: 8.677,69 euros; IVE 21%: 1.822,31 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

O Prego de condicións técnicas redactado polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio Luis Fernández Veiga na data 19/02/2016, o Prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, e o correspondente gasto con cargo a aplicación orzamentaria 311.22799, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 03/03/2016.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 48, da data 11/03/2016, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data.

A esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. “Oficina de Tratamiento de Plagas, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/03/2016 co número 2.979.
2. “Industria de la Salud Ferrol, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 2.997.
3. “Agronerga, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 3.016.
4. “Plagal Control de Plagas, S.L.U.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 3.022.
5. “Sanambi Control de Plagas, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/03/2016 co número 3.049.
6. “A&A Consultoría, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2016 co número 3.044 (o sobre A de documentación administrativa e o sobre C de oferta económica) e na data 23/03/2016 co número 3.130 (o sobre B de referencias técnicas).
7. “Cosaplag, S.L.U.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/03/2016 co número 3.083.
8. “Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/03/2016 co número 3.115.
9. “Sanal Control Medioambiental, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 28/03/2016 co número 3.191.





10. "Limpergal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 28/03/2016 co número 3.211.

11. "Herbín Control de Plagas y Áreas Verdes, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 28/03/2016 co número 3.212.

12. "Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/03/2016 co número 3.280.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa), das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 01/04/2016, na que acordou declarar admitidas a esta licitación ás doce empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 11/04/2016, na que se acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" ós servizos técnicos municipais para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran no Anexo II (1ª fase) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 03/06/2016 o técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 11/04/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 08/06/2016, acordou:

- Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor:


Licitador	Grao de definición e alcance do protocolo de tratamento/actuación	Cronograma de traballo	Disposición, procedemento de actuación e tempo de resposta ante situacións de aparición de pragas ou situacións graves que poidan xerar riscos para a saúde pública	Metodoloxía proposta para a realización da auditoría técnica	Total Puntos
BIOAMBIENTAL, S.L.	7,50	3,75	3,75	2,50	17,50
LIMPERGAL, S.L.	5,00	2,50	3,75	5,00	16,25



SANAL-CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	5,00	2,50	2,50	3,75	13,75
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.	5,00	2,50	3,75	2,50	13,75
PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U.	7,50	1,25	2,50	2,50	13,75
HERBÍN CONTROL DE PLAGAS Y ÁREAS VERDES, S.L.	7,50	2,50	2,50	1,25	13,75
INDUSTRIA DE LA SALUD DE FERROL, S.L.	5,00	1,25	2,50	3,75	12,50
SANAMBI CONTROL DE PLAGAS, S.L.	2,50	3,75	2,50	2,50	11,25
AGRONERGA, S.L.	5,00	1,25	2,50	1,25	10,00
A&A CONSULTORÍA, S.L.	5,00	1,25	2,50	1,25	10,00
COSAPLAG, S.L.U.	5,00	1,25	2,50	0,00	8,75
OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS, S.L.	2,50	1,25	2,50	0,00	6,25

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" de criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, dando o resultado seguinte:

Licitador	Oferta económica			Puntuación
	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total	
"Oficina de Tratamiento de Plagas, S.L."	5.995,00 €	1.258,95 €	7.253,95 €	41,62
"Industria de la Salud Ferrol, S.L."	5.743,00 €	1.206,03 €	6.949,03 €	43,44
"Agronerga, S.L."	4.990,00 €	1.047,90 €	6.037,90 €	50,00
"Plagal Control de Plagas, S.L.U."	5.950,00 €	1.249,50 €	7.199,50 €	41,93
"Sanambi Control de Plagas, S.L."	7.920,00 €	1.663,20 €	9.583,20 €	31,50
"A&A Consultoría, S.L."	6.982,70 €	1.466,37 €	8.449,07 €	35,73
"Cosaplag, S.L.U."	5.370,00 €	1.127,70 €	6.497,70 €	46,46
"Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L."	7.740,00 €	1.625,40 €	9.365,40 €	32,24
"Sanal Control Medioambiental, S.A."	6.765,00 €	1.420,65 €	8.185,65 €	36,88
"Limpergal, S.L."	5.900,00 €	1.239,00 €	7.139,00 €	42,29
"Herbín Control de Plagas y Áreas Verdes, S.L."	6.822,00 €	1.432,62 €	8.254,62 €	36,57



"Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A."	7.185,70 €	1.509,00 €	8.694,70 €	34,72
--	------------	------------	------------	-------


Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa mencionada reunión da data 08/06/2016, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 09/06/2016, adoptou os seguintes acordos:

- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación do servizo do "CONTROL DE PRAGAS URBANAS NO CONCELLO DE RIVEIRA (DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN)"**, do seguinte xeito:

Orden	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1	"Agronerga, S.L."	10,00	50,00	60,00
2	"Limpergal, S.L."	16,25	42,29	58,54
3	"Industria de la Salud Ferrol, S.L."	12,50	43,44	55,94
4	"Plagal Control de Plagas, S.L.U."	13,75	41,93	55,68
5	"Cosaplag, S.L.U."	8,75	46,46	55,21
6	"Sanal Control Medioambiental, S.A."	13,75	36,88	50,63
7	"Herbín Control de Plagas y Áreas Verdes, S.L."	13,75	36,57	50,32
8	"Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L."	17,50	32,24	49,74
9	"Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A."	13,75	34,72	48,47
10	"Oficina de Tratamiento de Plagas, S.L."	6,25	41,62	47,87
11	"A&A Consultoría, S.L."	10,00	35,73	45,73
12	"Sanambi Control de Plagas, S.L."	11,25	31,50	42,75

- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a "AGRONERGA, S.L."**, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello **a documentación xustificativa** das manifestacións que se fixeron constar na declaración responsable incluída no sobre "A" da súa oferta, que se indica na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será





*o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

*Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 15/06/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa "Agronerga, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 22/06/2016 co número 8.220), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 17/06/2016 (clave operación: 820; signo: positivo), xustificativa da constitución da garantía definitiva para responder do contrato por importe de 499,00 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 27/06/2016.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO**.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO**.- De conformidade co establecido na cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 09/06/2016, **adxudica-lo contrato do "CONTROL DE PRAGAS URBANAS NO CONCELLO DE RIVEIRA (DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN)" á empresa "AGRONERGA, S.L." (NIF número B-36448652), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total ANUAL do contrato: 6.037,90 euros (Base: 4.990,00 euros; IVE 21%: 1.047,90 euros).**

b) **Prazo de duración: 2 anos, contados a partir da data da sinatura do contrato en documento administrativo.** Non obstante o contrato poderá prorrogarse con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas. Cada unha das prórrogas terá a duración de un ano e formalizarase de maneira expresa, por mutuo



acordo das partes, antes da finalización do prazo de vixencia. Por conseguinte a duración máxima que poderá alcanzar o contrato será de catro (4) anos, computando o período inicial máis as dúas prórrogas.

**TERCEIRO.-** De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

## 2.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 , que foron aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión plenaria ordinaria da data 27/05/2016, e que se publicaron integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 103, da data 01/06/2016.

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta os seguintes acordos:**


**1º.-** Aprobar o Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación a actividades relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica a continuación:

### A) REALIZACIÓN DE OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Reordenación e mellora do parque urbano de "Pedra Pateira" (Riveira)	35.088,84 €	---	35.088,84 €
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS	35.088,84 €	---	35.088,84 €

Aprobar o proxecto das obras incluídas na anualidade 2016 e que se indica na anterior táboa, que foi aprobado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016.

### B) FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES:





<i>Detalle das actividades a realizar</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
---	---	---	---
SUBTOTAL ACTIVIDADES	---	---	---

**C) RESUMO:**

<i>Concepto</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS	35.088,84 €	---	35.088,84 €
SUBTOTAL ACTIVIDADES	---	---	---
TOTAL	35.088,84 €	---	35.088,84 €

2º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, non sendo, neste caso, contar coas concesións e autorizacións administrativas doutras administracións.

3º.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal de 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal, no seu caso, das obras, subministracións e actividades incluídas no PMA.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou actividade.

6º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7º.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8º.- Deste acordo darase conta ó Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación, se procedese.

**IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

**V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación







#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **José Ramón García Olveira**, de data 16/05/2016 (Rexistro de entrada nº 5.700), no que solicita licenza de obras para ampliación de galpón forestal, sito no lugar de A Gándara s/n Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A030000710000KY, construído ao amparo da licenza de obras nº 60/14 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de marzo de 2014.


A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 25/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 21/06/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** a José Ramón García Olveira **LICENZA DE OBRAS (Nº 39/16)** para **AMPLIACIÓN DE CONSTRUCCIÓN AUXILIAR DE ALMACÉN AGRICOLA** construído segundo a licenza de obras nº 60/14 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de marzo de 2014 sito en parcela con refª catastral nº 15074A030000710000KY no lugar de A Gándara s/n Oleiros, Riveira, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 5.5.16 redactado por Francisco A. Frago Pena:

- *Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*


**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.


**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:





- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza





*municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.*

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu*





*destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Willer Soluciones, S.L.**, de data 25/05/2016 (Rexistro de entrada nº 6.197), no que solicita información urbanística de parcela con referencia catastral nº 15074 A 016000640000KA sita en Fafián (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 31/05/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. Catastral: 15074 A 016000640000KA

Categoría solo: Urbano Ordenanza 6.3

#### LEGISLACIÓN APLICADA

*En la Disposición Transitoria Primera se establece que el planeamiento aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:*

*a) Al suelo urbano que reúna las condiciones establecidas en el artículo 17.a) de esta ley, se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.*

*Al solo urbano que reúna las condiciones establecidas en el artículo 17.b) de esta ley, se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano no consolidado.*


*En el Art. 17 se establece que los Planes Generales diferenciarán en suelo urbano las siguientes categorías sin perjuicio de lo dispuesto en los planes Especiales en el Art. 71.2*


*a) Solo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación.*

*b) Suelo urbano no consolidado, integrado por la restante superficie de solo urbano y, en todo caso, por los terrenos que reúnan alguna de las siguientes condiciones:*

*1. Terrenos en los que sean necesarios procesos de urbanización.*

*2. Terrenos en los que sean necesarios procesos de reforma interior o renovación urbana.*





3. Terrenos en los que se desarrollen actuaciones de dotación, entendiéndose como tales aquellos en los que sea necesario incrementar las dotaciones públicas para reajustar su proporción con la mayor edificabilidad o con nuevos usos asignados en la ordenación urbanística, sin requerir la reforma o renovación de la urbanización.

Se entiende que ese aumento de edificabilidad o cambio de uso requerirá el incremento das dotaciones públicas cuando comporte un aumento del aprovechamiento superior al 30 % del existente.

En el Art. 18. se establece que:

1. Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

2. Los terrenos incluidos en el suelo urbano no consolidado y en el suelo urbanizable solo podrán alcanzar la condición de solar después de la ejecución del correspondiente planeamiento urbanístico, incluyendo las obras de urbanización exigibles para la conexión con los sistemas generales existentes y, si es el caso, para su ampliación o refuerzo.


En el Art. 19. se establece que los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en esta ley y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.


En el Art 20. se establece que en suelo urbano consolidado, los propietarios tienen los siguientes deberes: a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.

b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

En el Art 91. se establece que las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.





b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.

c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.

d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.

f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán las construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

*-Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02*

*Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.*

#### *1. Definición y ámbito*

*Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.*

##### *1.1. Obras admisibles*

*Son admisibles todo tipo de obra de:*

*Demolición*

*Reforma*

*Ampliación*

*Nueva planta*


##### *1.2. Usos globales*

*Uso global: residencial extensivo.*

*Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.*

*Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades*





*residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.*

### *1.3. Tipologías edificatorias*

*La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.*

### *1.4. Normativa sectorial*

*Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.*

### *2. Parámetros de la edificación*

#### *2.1. Condiciones de la parcela*

*Parcela mínima: Tipo A: 500 m<sup>2</sup>.*

*Tipo B: 1.000 m<sup>2</sup>.*

*Tipo C: 1.000 m<sup>2</sup>.*

*Frente mínimo: 12 metros.*

*Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.*

#### *2.2. Condiciones de ocupación*

*Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.*

*Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.*

#### *2.3. Condiciones de volumen*

*Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>*

*Tipo B: 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>*

*Tipo C: 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>*

*Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.*

*Altura de la edificación:*


*Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.*

*H. máxima: 6,5 metros.*

*Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.*

*Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.*

*Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.*





#### 2.4. Elementos arquitectónicos

*Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.*

*Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.*

*Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.*

*Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.*

*Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.*

*Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.*

#### 2.5. Condiciones ambientales y estéticas

*La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.*

*Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.*

*En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.*


*Se prohíbe el aluminio en su color natural.*

*Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.*


*Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.*

*Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.*

*Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.*







## CONDICIONES PARTICULARES

La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 6.3 A.  
Es de aplicación lo establecido en el apartado normativa aplicable.

### IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **José Muñiz Santalla**, mediante escritos de data 29/08/2007 e 19/02/2016 (Rexistros de entrada nº 19.861 e 1.614), no que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar construída ó amparo da licenza municipal de obras nº 508/00, sita no lugar de Mondelo, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A035006360001LF.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 08/03/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/06/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


**Primeiro.- CONCEDER** a José Muñiz Santalla **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar sita en parcela con refª catastral nº 15074A035006360001LF no lugar de Mondelo, Palmeira, Riveira, construída ao amparo da licenza de obra nº 508/00, concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 16 de novembro de 2000, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3.1.05 e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos de data 29.12.04, asinados polo Arquitecto José Luis Pereiro Alonso e polo Arquitecto Técnico Pablo García Villar, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** así como **Xustificante do Catastro de Alta no IBI**.

**Segundo.-** Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**Terceiro.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade.*





*seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **José Vicente Domínguez Martínez**, de data 22/06/2016 (Rexistro de entrada nº 8.251), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa de Coroso, s/n (Palmeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 22/06/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**


**Conceder a José Vicente Domínguez Martínez** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (4,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo con liña amarela, na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa de Coroso, s/n (Palmeira).


- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

#### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

**APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE RIVEIRA.**

Vistos os antecedentes obrantes na Secretaría Xeral do Concello de Riveira en relación co expediente de referencia






A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Aprobar o “Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ribeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2014-2020”

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 30 de xuño de 2016

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle

